



RESOLUCIÓN DO 16 DE SETEMBRO DE 2021 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE CONVOCA PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO DAS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO, SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS NO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE

A Disposición adicional quinta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que *"con independencia das súas facultades de ordenación de persoal, os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade. Para estes efectos, habilitarán periodicamente procedementos de traslados internos, con suxeición a baremo, entre postos de traballo da mesma categoría, que contén coa participación das organizacións sindicais. No seo da mesa sectorial negociaranse as bases dos citados procedementos e dos baremos aplicables, nos cales se primará a valoración da antigüidade no Sistema de Saúde, a permanencia na institución, a formación continuada e a docencia"*.

Con data 23 de decembro de 2009 asínase a acta de aprobación das bases do procedemento de traslados internos, modificadas mediante Acordo do 31 de xaneiro de 2014, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión de servizos, onde se establece que *"a convocatoria de cada proceso de mobilidade interna será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de persoal de área" engadindo ademais que "a convocatoria constará, como mínimo, dunhas bases, a relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional, e o modelo normalizado de solicitude"*.

Esta Xerencia, con base nas competencias atribuídas pola Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), modificada pola Orde do 25 de maio de 2020 (DOG nº 103, do 29 de maio) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, acorda convocar **CONCURSO DE MOBILIDADE INTERNA** entre Unidades/Servizos do Hospital Público de Cee con **suxeición ás bases asinadas o 21 de maio de 2021 entre a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee e as centrais sindicais CC.OO, CIG, CSIF, e UXT** (que constan como ANEXO I desta Resolución).

PRIMEIRO.- Normas xerais.

1.- Convocase mobilidade interna para o persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario (diplomado e de formación profesional) e de xestión e servizos.



2.-O concurso de mobilidade interna incluírá as prazas ofertadas no **Anexo II**.

SEGUNDO.- Ámbito de aplicación.

1.- Poderá acceder ao procedemento de mobilidade interna regulado consonte ás bases asinadas o 21 de maio de 2021, nos termos e condicións previstos nelas, o persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario (ENFERMEIRO/A, FISIOTERAPEUTA e TÉCNICO AUXILIAR EN COIDADOS DE ENFERMERÍA) e de xestión e servizos (AUXILIAR ADMINISTRATIVO) para a adxudicación dos destinos solicitados voluntariamente nas prazas básicas polo persoal fixo que teña acadado o seu destino (con praza en propiedade) no Hospital Público de Cee e se atope en situación de servizo activo ou con reserva de praza e ostente a categoría requirida para o desempeño do posto que se convoca e ao que se opta.

TERCEIRO.- Solicitudes e acreditación de méritos.

1.- Solicitud.

As solicitudes para participar no presente procedemento axustaranse necesariamente ao formulario electrónico existente ao efecto na Oficina Virtual do Profesional (*FIDES/Expedient-e/Sección de Procesos*) e, tras a súa impresión en formato papel, será requisito imprescindible formalizar o rexistro administrativo mediante a súa presentación por duplicado, dentro do correspondente prazo, preferentemente no Rexistro do Hospital Público de Cee sito no primeiro andar do hospital (dirección), ou segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación así como en calquera dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación.

2.- Acceso a FIDES.

O acceso a FIDES, dende a intranet do Servizo Galego de Saúde, realizarase mediante o código de usuario e contrasinal que os/as profesionais en activo xa teñen asignado e utilizan habitualmente para acceder ao resto de funcionalidades do sistema.

3.- Exclusiones.

Serán excluídas as persoas aspirantes que non cubran todos os apartados da instancia ou o fagan de xeito erróneo ou ambiguo, podendo dar lugar a diversas interpretacións.



4.- Prazo de presentación de solicitudes e de inclusión de méritos.


O prazo de presentación de solicitude será de 20 días hábiles dende o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no DOG.

Os méritos valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático *Expedient-e* e acreditados documentalmente pola persoa interesada na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes seguindo o procedemento descrito no Anexo III. Non será obxecto de valoración neste procedemento de mobilidade interna voluntaria ningún mérito inserido no sistema informático e/ou acreditado polos participantes con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cee, a 16 de setembro de 2021



SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA Luis Verde Remeseiro

XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE